



José Manuel da-Cunha Babarro, en calidade de Secretario do Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense, Certifico:

Que o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense en reunión ordinaria celebrada o día o día 10/10/2016 , tomou entre outros o seguinte acordo:

Primeiro.- Ordear pola seguinte orde decrecente as seguintes ofertas para a contratación, do servizo de limpeza de instalacións deportivas dependentes do Consello Municipal de Deportes de Ourense, as seguintes empresas:

O	Licitador.	Valoración Sobre C	Valoración sobre A	Total
1º	Valoriza Facilities SAU	10 Puntos	90 Puntos	100 Puntos
2º	OHL Servicios-Ingesán S.A	4 Puntos	87,64 Puntos	91,64 Puntos
3º	Servicios Auxiliares de mantenimiento y Limpieza s.l.	0 Puntos	86,98 Puntos	86,98 Puntos

Segundo.- Requerir á empresa **Valoriza Facilities SAU**, con CIF A83709873, para que no prazo de dez (10) días hábiles a contar dende o seguinte a aquel no que houberse recibido o requirimento achegue os documentos acreditativos de:

Documentos acreditativos da personalidade xurídica dos licitadores e DNI do representante legal da empresa.

Acreditación de solvencia Técnica, económica e clasificación do licitador.

Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

Xustificante de haber constituído a garantía definitiva por un importe 11.900,84 €, correspondente ao 5% do importe de adxudicación (IVE excluído).

Constitución de póliza de responsabilidade civil na que poidan incorrer polos danos causados a terceiras persoas e derivados de actos ou omisións do seu persoal, empregados e dependentes, maquinaria e equipo, así como os danos que se puideran ocasionar durante a realización dos traballos con cobertura de 300.000 €.

Terceiro,- Publicar o acordo no perfil do contratante (www.deportesourense.com)

Esta resolución é definitiva e esgota a vía administrativa. Contra a mesma poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes de conformidade co disposto nos arts. 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de Outubro, de do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación conforme ao disposto no art. 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense a 10/11/2016